

Sapos pezoñentos

Ramsés Pérez



Sapo común (*Bufo spinosus*) · Ramsés Pérez

Somos os humanos, penso eu, "unha raza falsa" á vista doutros animais. Explico. Ante a presenza dun paxaro de cores vistosas e canto melodioso que, poñamos por caso, sae ao noso paso a diario, os humanos decidimos dar captura ao animal e facelo así da nosa propiedade. E para tal fin deseñamos un obxecto con reixas que se deu en chamar gaiola, no que encerrar a beleza. Pola contra, ante certos animais que aos nosos ollos son feos e repulsivos, decidimos "simplemente" matalos, ao asignármonos unha función demiúrxica e permitírmolos vulgar sobre outras especies que comparten con nós a terra. O Edén.

Respecto a estes últimos, recóllense na cultura popular unha manchea de contos e lendas, ditos e refráns sobre a perigosidade de cobras e sapos, por poñer dous exemplos, que levaron a unha mala fama tan falsa como inxusta. Poucas son as persoas que non lle teñan noxo aos sapos por botar o aire ou mexar. Escoitar comentarios a quen nos vexa coller un sapo coa man, e en consecuencia, *perder un dedo ou a man enteira*, é aínda, no século XXI, habitual.

De onde vén esa mala fama desmedida e esta precaución extrema?

No dicionario de Eladio Rodríguez González, para a entrada "sapo" apúntase que é un "reptil anfibio cubierto de verrugas, de donde mana un humor fétido y acre. / Es un animal asqueroso y repugnante que el vulgo mira con cierta prevención por creer equivocadamente que su mordedura es venenosa (...)". A definición, cando menos, é pouco aséptica pero apunta a visión que habitualmente está espallada entre as persoas que, independentemente da súa formación académica, teñen fobia aos sapos.

Pero os sapos non teñen dentes, e polo tanto non poden morder nin inocular veneno ningún. O que si teñen son glándulas parótidas externas, situadas detrás dos ollos á altura do tímpano, así como outras no lombo, etc. que tamén segregan un líquido tóxico que é mellor non tocar. Se collemos o animal, este pode liberar substancias irritantes e venenosas, motivo polo que se consideran tóxicos. As substancias que segregan esas glándulas poden xerar diferentes tipos de reaccións nos seus depredadores.

Así, se unha raposa nova e inexperta captura un sapo, vai sufrir os efectos desa secreción e con toda probabilidade non se lle pasará pola cabeza volver engadir un sapo no seu menú. Da mesma maneira e con toda probabilidade, ese eco que quedará na raposa para sempre é o que sucede cos sapos na cultura popular e que chegou até os nosos días.

Pero tamén é certo que, de igual maneira, hai moitas persoas que coñecen as bondades e os beneficios que nos ofrecen os sapos. Vai sendo hora de superar malos entendidos. Se por algún motivo temos que coller algún (mellor deixalos tranquilos), non debemos tocar zonas sensibles coma os ollos e a boca. Cómpre despois lavar as mans. Problema resolto.

Para rematar, deixamos un texto de João Salema publicado no seu libro *Animas uteis ao lavrador* hai máis de cen anos (1913): "Os sapos são feios mas inofensivos e são os melhores amigos do lavrador porque comem grande quantidade de insectos nocivos e não causam prejuizo algum. É preciso protegê-los cuidadosamente, em lugar de os matar, como faz a gente ignorante".